



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
CATORCE DE DECEMBRO DE 2015, CON CARÁCTER
EXTRAORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESE CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día catorce de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016).

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 08/10/2015 e publicadas no BOP núm. 196/15, do 14 de outubro.

De acordo coas mesmas, proponse:

1º.- Participar no *Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016)* da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras :



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Proxecto de urbanización integral na Torre -San Xián de Sales	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	98.000

C)Resumo:

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	98.000	126.488	224.488
TOTAL	196.369,93	154.275,91	350.645,84

2º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



O Sr. Lago do PSdG-PSOE expón que ao seu grupo lle gustaría recalcar que tendo en conta que estamos nun concello no que os servizos básicos practicamente non están cubertos, eles investirían máis en temas como saneamento, abastecemento ou pistas, pero tendo en conta tamén que toda obra que se faga no concello é sempre un ben común para a cidadanía, van votar a favor da proposta

O Sr. Pose do BNG-AA di que se van abster na votación porque teñen a opinión de que o equipo de goberno ten a maioría absoluta, e que o seu grupo presentou tanto para o POS como para o PAS unha batería de propostas das cales practicamente non se tivo en conta ningunha, e todo vai a parar a asfaltados e outros, crendo que é realmente unha oportunidade perdida, aínda que todas as obras son beneficiosas para os veciños e veciñas de Vedra.

O Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA acorda aprobar a citada proposta.

2º.- Aprobación, se procede, do Plan de Acción Social (PAS 2015).

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan de Acción Social (PAS 2015)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 08/10/2015 e publicadas no BOP núm. 196/15, do 14 de outubro.

De acordo coas mesmas, proponse:

1º.- Participar no *Plan de acción social (PAS 2015)* da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social :

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO DA ESCOLA DE MÚSICA	41.073,63	11.585	52.658,63
PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA MELLORAS DO ARQUIVO HISTÓRICO MUNICIPAL	26.497,62	5.438,58	31.936,2
PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA MELLORAS DE FACHADA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DA 3ª IDADE	93.128,75	26.267,08	119.395,83
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	160.700	43.290,66	203.990,66



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

DENOMINACIÓN DA OBRA	Deputación		
	DEPUTACIÓ N	CONCELL O	ORZAMENTO TOTAL
PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO PÚBLICO NA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA	41.230,33	10.968,94	52.199,27
PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE APARCADOIRO DISUASORIO EN PONTE ULLA	65.846,85	21.948,95	87.795,8
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	107.077,18	32.917,89	139.995,07

C)Resumo:

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓ N	CONCELL O	ORZAMENT O TOTAL
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	160.700	43.287,66	203.990,66
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	107.077,18	32.917,89	139.995,07
TOTAL	267.777,18	76.208,55	343.985,73

2º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se as houbera.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Sr. Lago do PSdG-PSOE di que como xa expuxo no punto anterior o seu grupo vai a votar favorablemente a proposta presentada porque entenden que calquera obra é un ben común, pero recalando que no referente á obra da Casa da Terceira Idade de Vedra, que foi unha obra executada cando gobernaba o PSOE, totalmente subvencionada pola Deputación Provincial, entenden que quedase mellor ou peor rematada, xa se gastaron 60.000 euros en cambiar o tellado e agora vanse investir 120.000 euros máis , e dende o seu punto de vista un total de 200.000 euros parécelle unha cantidade desproporcionada.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que o seu grupo entende que o goberno ignora absolutamente a realidade poboacional, demográfica e social de Vedra, o que non significa que a descoñeza, senón que non lle interesa, porque parécelle increíble que nun plan de acción social non teñen cabida medidas para paliar a problemática demográfica que temos, ao borde da baixada dos 5000 habitantes, e que non se presente unha soa medida en temas educativos. Di que eles fixeron propostas en canto á biblioteca, pero semella que este tipo de accións ao goberno non lle interesan.

Sinala tamén que lle parece mentira que nun plan de acción social tampouco non teña cabida ningunha acción de creación ou fomento da vivenda social, nin un plan de fomento da igualdade da muller, tanto en aspectos sociais como en aspectos económicos, polo tanto vense na obriga de non aprobalo, ao entender que de plan social só ten o título, pero en realidade non é máis ca un plan de obras.

Intervén a Presidencia e en relación ao manifestado polo PSdG-PSOE di que efectivamente son moitos cartos, pero se chove dentro do edificio hai que investir ese diñeiro, e se os técnicos din que todas as súas fachadas están sen illante e meten humidade, auga e deterioran o seu interior, nunha casa que hai que recoñecer que ten moito uso, non hai máis remedio que investir os recursos necesarios e suficientes en algo que xa está construído para que estea acondicionado como se espera dun edificio no século XXI.

En canto ao exposto polo BNG, di que os invita a que en primeiro lugar lean as bases que regulan este plan de acción social, posto que moitas das súas propostas non teñen cabida no mesmo, por moito que lle chamen de acción social, e en segundo lugar estará moi atento, por curiosidade, para ver que investimentos inclúen no plan concellos gobernados polo BNG.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE pregúntalle se para as obras do proxecto de acondicionamento de espazo público na estación de ferrocarril de Santa Cruz existe dispoñibilidade dos terreos, posto que no convenio asinado con Adif só se contemplaba o local e o almacén, contestándolle a Presidencia afirmativamente e que incluso existe autorización de Adif para as obras incluídas no proxecto redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco.

O Sr. Pose do BNG di que no tema de comparalos constantemente con outros concellos gobernados polo BNG, a el non lle pasa pola cabeza comparar ao goberno municipal



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



con outros concellos de Ourense, por exemplo, e quere deixar constancia dun último apuntamento sobre do PAS 2015, sinalando que entende que o grupo de goberno está a cometer un erro porque están a construír con estes cartos constantemente un auténtico desequilibrio no concello, facendo investimentos en certas parroquias, que lle poden dar bos resultados electorais, pero levan ao concello a un desequilibrio no tema de investimentos.

A Presidencia contéstalle que entre o POS e o PAS hai obras en todo o termo municipal dende San Xián ata Ponte Ulla.

O Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA, acorda aprobar a citada proposta.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.